

PRESENTACIÓN DA MATERIA

MATERIA/MÓDULO	LATÍN I	CURSO CICLO	1º BACHARELATO
----------------	----------------	----------------	---------------------------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. Marco xeográfico e historia da lingua latina. Presenza do latín nas linguas modernas Linguas de España: linguas romances e non romances. A diversidade lingüística Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos Sistemas de escritura. Orixes do alfabeto latino. Pronuncia do latín Clases de palabras Concepto de flexión (nominal, pronominal e verbal). Valores básicos dos casos Flexión nominal: 1ª, 2ª e 3ª declinacións. Substantivos irregulares máis frecuentes O adxectivo: clases e graos Flexión pronominal: pronomes persoais, posesivos e demostrativos Flexión verbal. Tema de presente da voz activa A oración simple. Análise morfosintáctica. A concordancia. A orde de palabras Lectura e comentario de textos traducidos. Técnicas e ferramentas de tradución. Exercicios básicos de retroversión Léxico básico específico para reflexionar sobre a lingua e a comunicación Estratexias para a comunicación. Historia de Roma. Orixes lendarios da cidade. Topografía básica da Roma antiga e do imperio romano Organización política e social de Roma. A escravitude. A situación da muller Vocabulario latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia Locucións latinas de uso actual Ferramentas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación</p>
2ª Avaliación	<p>Flexión nominal: 4ª e 5ª declinacións Flexión pronominal: pronome relativo, demostrativos e interrogativos-indefinidos Flexión verbal: verbos regulares. Voz activa e pasiva Análise morfolóxica e sintáctica A oración pasiva. A oración de relativo Lectura, comentario e tradución de textos adaptados e exercicios de retroversión A relixión romana. Mitoloxía grecolatina Romanización de Hispania e Gallaecia. Vocabulario latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia Locucións latinas de uso actual</p>

3ª Avaliación	<p>Cadro xeral das oracións compostas</p> <p>Formas nominais do verbo</p> <p>Legado, herdanza e patrimonio, con especial atención a España e Galicia</p> <p>A arte romana</p> <p>Obras públicas e urbanismo</p> <p>A educación en Roma</p> <p>Lectura, comentario e tradución de textos adaptados e exercicios de retroversión</p> <p>Recursos estilísticos máis frecuentes</p> <p>Vocabulario latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia</p> <p>Composición e derivación culta</p> <p>Estratexias de enriquecemento léxico</p> <p>Regras básicas de evolución fonética de latín a galego e castelán</p> <p>Locucións latinas de uso actual</p> <p>Ferramentas para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín</p>
----------------------	--

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Instrumento	Peso na cualificación
Probas escritas	90%
Probas orais	10%
Traballos individuais	
Traballos en grupo	

Criterios:

Para ser avaliados, os traballos e actividades, individuais ou en grupo, deberán presentarse en tempo e forma. En cada avaliación haberá dúas probas escritas. A primeira destas probas terá un peso relativo do 40% e a segunda do 60%. O resultado destas probas constituirá o 90% da nota da avaliación e os traballos, actividades e tarefas diarias o restante 10%. A nota de todas as avaliacións será redondeada á alza.

A avaliación final do curso será a media ponderada das tres avaliacións, asignando á 1ª avaliación un peso do 25%, á 2ª un peso do 35% e á 3ª un peso do 40% da nota final. De non obter unha cualificación mínima de 5, o alumnado poderá realizar unha proba extraordinaria escrita.

O período comprendido entre a avaliación final e a proba extraordinaria adicarase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. O obxectivo deste período será que todo o alumnado acade os obxectivos e coñecementos establecidos para o seu nivel e etapa. As probas da convocatoria extraordinaria celebraranse segundo o calendario que elabore a equipa directiva do centro. A cualificación final será a obtida na proba obxectiva extraordinaria.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfño. 881 93 03 50
ies.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

Pendientes de Latín I

O alumnado coa materia de latín I pendente será obxecto dun tratamento individualizado. Proporcionaráselles orientación e actividades para preparar a materia, que será avaliada ao longo do curso, mediante probas escritas, segundo o calendario que estableza a xefatura de estudos do centro. A nota final será a media aritmética das probas realizadas, que se redondeará á alza. De non resultar desta media unha cualificación igual ou superior a 5, o alumnado realizará unha proba escrita final onde será avaliado do conxunto da materia.